

RESOLUCIÓN DO 6 DE MARZO DE 2023, POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN E PERSOAL DA VALEDORA DO POBO.

Vista a proposta formulada polo Secretario Xeral da Valedora do Pobo para a convocatoria da provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Administración e Persoal da institución da Valedora do Pobo,

RESOLVO:

Ao abeiro do establecido no artigo 7 k) do Regulamento de organización e funcionamento da Valedora do Pobo, aprobar a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Administración e Persoal da Institución, conforme ás seguintes

BASES:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a de servizo de administración e persoal da Valedora do Pobo que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG nº 596, do 24 de xaneiro de 2020).

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: A1
2. Nivel de complemento de destino: 29
3. Administración: Pertenza como persoal funcionario/a de carreira A1
4. Titulación: A correspondente ao grupo
5. Complemento específico: 35.808,48 €
6. Funcións a desenvolver: dirixir, organizar e controlar os servizos administrativos; impulsar os expedientes da Comisión da Transparencia, órgano colexiado adscrito á Valedora do Pobo; asegurar que a información pública que corresponda atópanse dispoñible e actualizada no portal de transparencia e o adecuado trámite das solicitudes de información pública dirixidas á Valedora do Pobo, así como informar á cidadanía en materia de transparencia; calquera outras funcións que lle asigne a Valedora do Pobo.

7. Centro directivo: Valedora do Pobo

Segunda. Poderán concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira de calquera administración pública pertencentes ao grupo A1.

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral da Valedora do Pobo, rúa do Hórreo nº 65, en Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, na cal deixará constancia dos datos do posto que se viña desempeñando e dos méritos que se aleguen.

Para participar nesta convocatoria, a persoa interesada deberá formalizar a súa petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo da presente resolución.

Os aspirantes deberán achegar coa súa petición un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos alegados.

Os méritos alegados e non probados de acordo co establecido no parágrafo anterior non se terán en conta.

Cuarta. De conformidade co disposto no artigo 7.1) do Regulamento de Organización e Funcionamento da Valedora do Pobo, corresponde á Valedora do Pobo a resolución desta convocatoria.

Quinta. A dita resolución farase pública no Diario Oficial de Galicia. Poderá declararse deserto o posto de traballo de considerarse oportuno.

Sexta . O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete días se comporta cambio de residencia, ou dun mes se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución da libre designación. Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte de dita publicación.

Sétima. Contra a resolución pola que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Valedora do Pobo no prazo dun mes, contado a



partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2023.

Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo

ANEXO
Modelo de Solicitud

<i>Primeiro apelido</i>		<i>Segundo apelido</i>		<i>Nome</i>	
<i>DNI</i>	<i>Data nacemento</i>	<i>Teléfono</i>		<i>Correo electrónico</i>	
<i>Enderezo</i>			<i>Concello</i>		<i>Provincia</i>
<i>Corpo ou escala</i>			<i>Grupo</i>		<i>Nº R.P.</i>
<i>Destino actual</i>					
<i>Administración</i>			<i>Dependencia</i>		<i>Localidade</i>
SOLICITO: Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, aprobada por Resolución da Valedora do Pobo do 6 de marzo de 2023, por considerar que reúno os requisitos esixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:					
Designación do posto de traballo		Nivel complemento destino	Centro directivo ou unidade de que depende		Localidade
			Valedora do Pobo		Santiago de Compostela
Tempo de servizos prestados			Anos	Meses	Días
No corpo actual:					
Noutros corpos:					
No actual posto de traballo:					
Outros destinos anteriores:					
Títulos académicos:					
Coñecemento da lingua galega:		Fala: <input type="checkbox"/>	Escribe: <input type="checkbox"/>	Entende: <input type="checkbox"/>	
Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:					
Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:					

Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento	Valedora do Pobo
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento de obriga legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.valedordopobo.gal/politica-de-proteccion-de-datos/

Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á Valedora do Pobo e publicados no Diario Oficial de Galicia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos en valedor@valedordopobo.gal ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	valedor@valedordopobo.gal

(Lugar, data e sinatura)

Valedora do Pobo